

XORNADA TÉCNICA

CONSERVACIÓN E MELLORA DOS RECURSOS XENÉTICOS DO CASTIÑEIRO PARA OBXECTIVOS MÚLTIPLES

29 de NOVEMBRO de 2017 de 10.00 a 19.00

Escola Galega de Administración Pública
Polígono de Fontiñas, Rúa de Madrid 2-4
Santiago de Compostela

INSCRICIÓN

Escribe a infolourizan.mr@xunta.gal
indicando o teu nome, DNI, teléfono, empresa
e o nome da xornada:

“Conservación e mellora dos recursos xenéticos do castiñeiro”

ORGANIZA

Centro de Investigación Forestal de Lourizán
Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia

FINANCIA

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de
demostración e de información ao agro galego 2017
Cofinanciadas co 75% FEADER

CONTIDO

Este ano a xornada técnica do Centro de Investigación Forestal de Lourizán sobre castiñeiro, organizada dentro do Plan de Transferencia Tecnolóxica para o Agro 2017, tratará das actividades de investigación e desenvolvemento para a conservación e mellora dos recursos xenéticos destinados á produción de castaña, de madeira e de dobre aptitude. Celebrarase o 29 de novembro na Escola Galega da Administración Pública, en Santiago de Compostela.

Comezaremos co tema candente das variedades de castaña, xa tratado na xornada de 2016 que tivo como tema monográfico "O material vexetal para a produción de castaña". Este ano faremos un resumo da relación de variedades tradicionais inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais e das actividades de transferencia previstas.

Seguiremos con dúas presentacións sobre a estrutura xeográfica do castiñeiro bravo, básica para a planificación das actividades de mellora xenética do castiñeiro e para o coñecemento da súa historia evolutiva e do seu manexo. Os últimos anos diversas investigacións indican a conservación de poboacións de castiñeiro na Península Ibérica durante o Plistoceno. Incluímos as nosas achegas ao tema para describir poboacións de diferentes orixes evolutivas que constitúen diferentes ecotipos.

Logo presentaremos o programa de mellora do CIF Lourizán que ten dous obxectivos principais. O primeiro é a caracterización das poboacións base da mellora de castiñeiro europeo constituídas polas poboacións bravas, as árbores superiores seleccionadas nelas e as variedades tradicionais de castaña, que achegan calidade e adaptación, e a colección de híbridos e castiñeiros asiáticos, que proporcionan tolerancia ás enfermidades da tinta e ao cancro, así como á avespa chinesa. O segundo gran obxectivo é a creación de híbridos intra e inter-específicos para a selección de novos clons portaenxertos, produtores de madeira ou de castaña combinando características de calidade e tolerancia a axentes bióticos e abióticos.

Contaremos ademais coa participación de José Carlos Costas López, xefe do servizo do Medio Forestal, cunha conferencia sobre as medidas contra a avespa do castiñeiro tomadas pola Consellería do Medio Rural, e de dúas investigadoras invitadas: Rita Lourenço da Costa do INIA de Lisboa, cunha conferencia sobre a aplicación da xenética molecular á mellora do castiñeiro por resistencia á enfermidade da tinta, e M^ª Josefa Lombardero da Universidade de Santiago de Compostela, cunha conferencia sobre os potenciais parasitoides nativos que poden actuar sobre a avespa chinesa do castiñeiro.

PROGRAMA

- 10.00 - 10.30 Variedades inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais.
Josefa Fernández López.
- 10.30 - 11.00 Estrutura xeográfica e orixe das poboacións de castiñeiro bravo estimada con marcadores moleculares.
Javier Fernández Cruz.
- 11.00 - 11.30 Descanso.
- 11.30 - 12.00 Variación adaptativa no ritmo de crecemento e resistencia á seca das poboacións de castiñeiro da Península Ibérica.
Beatriz Míguez Solo.
- 12.00 - 12.30 Árbores superiores de castiñeiro para a produción de madeira.
Santiago Barciela Rodríguez.
- 12.30 - 13.00 A orixe xenética da colección de árbores superiores para madeira.
Javier Fernández Cruz.
- 13.00 - 14.00 A difusión da avespa do castiñeiro en Galicia e as medidas tomadas pola Consellería do Medio Rural.
José Carlos Costas López.
- 16.00 - 16.45 O melloramento e a xenética molecular para a resistencia do castiñeiro á *Phytophthora cinnamomi*.
Rita Lourenço Costa.
- 16.45 - 17.30 Potenciais parasitoides nativos que poden actuar sobre *Dryocosmus kuriphilus*.
María Josefa Lombardero.
- 17.30 - 18.15 A caracterización das variedades e outros materiais de castiñeiro polo seu comportamento fronte á avespa.
Beatriz Míguez Solo.
- 18.15 - 19.00 A mellora xenética do castiñeiro para obxectivos múltiples.
Josefa Fernández López.